

**EXCMA. SRA. PRESIDENTA
DO PARLAMENTO DE GALICIA**
Rúa do Hórreo, nº 63
15701 – Santiago de Compostela

En A Coruña, a 10 de xuño de 2013.

Excma. Sra.

Refírome á súa atenta comunicación de data 14 de maio de 2013, na que, en relación coa Comisión de investigación creada polo Parlamento de Galicia para analizar e avaliar, entre outros aspectos, a evolución económico-financeira das antigas Caixas de Aforros, participásemos que dita Comisión de investigación aprobou o seu plan de traballo e adoptou, entre outros, o acordo de solicitar a documentación que na comunicación referida se indica, por todo o cal solicítase a NCG Banco que aporte á precitada Comisión de investigación a documentación mencionada.

Conscientes da relevancia que o bo fin dos traballos asumidos por dita Comisión de investigación sen dúbida reviste para o interese xeral, é o noso desexo prestar a aquela, respecto da solicitude de que se trata, a máxima colaboración que nos é posible dentro dos límites que a lexislación vixente impón a NCG Banco. En especial, tales límites son os resultantes das obrigacións de reserva e confidencialidade que a nosa Entidade ha de cumprir por imperativo da Lei 26/1988, de 29 de xullo, de Disciplina e Intervención das Entidades de Crédito, así como da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e que, obviamente, non debe eludir, so pena de incorrer nas infraccións e responsabilidades correspondentes fronte ás autoridades competentes e fronte a terceiros

Neste senso, non nos é posible pasar por alto a disposición adicional primeira da citada Lei 26/1988, segundo a cal *“As entidades e demais persoas suxeitas á ordenación e disciplina das*

10 XUÑ. 2013

Núm. 8884

entidades de crédito están obrigadas a gardar reserva das informacións relativas aos saldos, posicións, transaccións e demais operacións dos seus clientes sen que as mesmas poidan ser comunicadas a terceiros ou obxecto de divulgación”; nin o deber de segredo que, en relación cos datos de carácter persoal rexistrados nos seus ficheiros, NCG Banco ha de manter segundo o artigo 10º da tamén mencionada Lei Orgánica 15/1999 (a tenor da cal, “O responsable do ficheiro e aqueles que interveñan en calquera fase do tratamento dos datos de carácter persoal están obrigados ao segredo profesional respecto dos mesmos e ao deber de gardalos”); nin tampouco, en fin, a prohibición de cesión ou comunicación dos datos de carácter persoal a un terceiro sen o consentimento do afectado, recollida no artigo 11º.1 da propia Lei Orgánica 15/1999 (segundo o cal, “Os datos de carácter persoal obxecto de tratamento só poderán ser comunicados a un terceiro para o cumprimento de fins directamente relacionados coas funcións lexítimas do cedente e do cesionario co previo consentimento do interesado”).

Así as cousas, e para a súa achega á Comisión de investigación máis arriba referida, xúntanse á presente, en soporte CD-ROM, os documentos que se indican a continuación:

- 1) Os Informes Anuais de Goberno Corporativo de Caixa de Aforros de Galicia (CAIXA GALICIA) correspondentes aos exercicios 2004, 2005, 2006, 2007, 2008 e 2009.
- 2) Os Informes Anuais de Goberno Corporativo de Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra (CAIXANOVA) correspondentes aos exercicios 2004, 2005, 2006, 2007, 2008 e 2009.
- 3) O Informe Anual de Goberno Corporativo de Caixa de Aforros de Galicia, Vigo, Ourense e Pontevedra (NOVACAIXAGALICIA) correspondente ao exercicio 2010.
- 4) Os Informes Anuais de Goberno Corporativo de NCG Banco, S.A. (NCG BANCO) correspondentes aos exercicios 2011 e 2012.

- 5) Escritura notarial de segregación de NOVACAIXAGALICIA e conseguinte constitución de NCG BANCO, outorgada en Santiago de Compostela o 14 de setembro de 2011.
- 6) Plan de Recapitalización de NCG BANCO publicado pola Comisión Europea.
- 7) En relación coa comercialización de participacións preferentes entre clientes minoristas:
- Folleto da Emisión de Participacións Preferentes Serie A de Caixa Galicia Preferentes, S.A., Sociedade Unipersoal (ano 2003).
 - Nota de Valores da emisión de Participacións Preferentes Serie D de Caixa Galicia Preferentes, S.A., Sociedade Unipersoal (ano 2009).
 - Suplemento á Nota de Valores da Emisión de Participacións Preferentes Serie D de Caixa Galicia Preferentes, S.A., Sociedade Unipersoal (ano 2009).
 - Nota de Valores da Emisión de Participacións Preferentes Serie E de Caixa Galicia Preferentes, S.A., Sociedade Unipersoal (ano 2009).
 - Folleto da Emisión de Participacións Preferentes Serie A de Caixanova Emisións, S.A., Sociedade Unipersoal (ano 2005).
 - Nota de Valores da Emisión de Participacións Preferentes Serie D de Caixanova Emisións, S.A., Sociedade Unipersoal (ano 2009).
- 8) En relación coa comercialización de obrigacións subordinadas entre clientes minoristas:
- Folleto da Emisión de Obrigacións Subordinadas Caixa Galicia (Series da "A" á "J"), ano 1988.
 - Folleto da Emisión de Obrigacións Subordinadas Caixa Galicia 2003, Primeira Emisión.
 - Folleto da Emisión de Obrigacións Subordinadas Caixa Galicia 2004, Primeira Emisión.
 - Folleto da Emisión de Obrigacións Subordinadas Caixa Galicia 2004, Segunda Emisión.
 - Folleto da Emisión de Obrigacións Subordinadas Caixa Galicia 2005, Primeira Emisión.
 - Folleto da Primeira Emisión de Obrigacións Subordinadas Caixanova (ano 2003).
 - Folleto da Segunda Emisión de Obrigacións Subordinadas Caixanova (ano 2003).
 - Folleto da Terceira Emisión de Obrigacións Subordinadas Caixanova (ano 2004).

10 XUÑ. 2013

Núm. 8884

- Nota de Valores da Sexta Emisión de Obrigacións Subordinadas Caixanova (ano 2009).

- 9) Circulares internas respectivamente emitidas por CAIXA GALICIA e por CAIXANOVA en relación coa comercialización de participacións preferentes.
- 10) Circulares internas respectivamente emitidas por CAIXA GALICIA e por CAIXANOVA en relación coa comercialización de obrigacións subordinadas.

Adicionalmente, participámoslles:


- Que NCG BANCO nunca emitiu nin oferta participacións preferentes nin obrigacións subordinadas e, consecuentemente, non ten establecidos incentivos en relación coa comercialización de tales produtos.
- E que, á vista da información histórica dispoñible, a NCG Banco non lle consta que as Caixas de orixe tivesen establecidos incentivos directamente vinculados á comercialización dos referidos produtos.

Por último, seguidamente incluimos unha relación comprensiva das entidades con finalidade social de cuxos respectivos órganos reitores forma parte actualmente NCG BANCO:

- Fundación Cidade da Cultura.
- Fundación Gaias.
- Comisión de Fundacións de Obra Social de CECA.
- Fundación Camilo José Cela.
- Fundación Galicia Europa.
- Cámara de Comercio e Industria de A Coruña.
- Cámara de Comercio e Industria de Ferrol.
- Cámara de Comercio e Industria de Lugo.
- Cámara de Comercio e Industria de Ourense.
- Cámara de Comercio e Industria de Pontevedra.
- Cámara de Comercio e Industria de Santiago.

- Cámara de Comercio e Industria de Tui.
- Cámara de Comercio e Industria de Vigo.
- Cámara de Comercio e Industria de Vilagarcía.
- Confederación de Empresarios de A Coruña.
- Confederación de Empresarios de Lugo.
- Confederación de Empresarios de Ourense.
- Confederación de Empresarios de Pontevedra.
- Centro Tecnolóxico AIMEN.
- Fundación Centro Tecnolóxico Automoción de Galicia (CTAG).
- Fundación Expourense.
- Fundación Fexdega.

Sen outro particular, e agardando que a información aportada sexa de utilidade á Comisión de investigación antes citada para o desenvolvemento dos seus traballos, aproveitamos a ocasión para saudala moi atentamente.



Santiago Novoa García
Director do Gabinete de Presidencia